



**CONCELLO DE CORISTANCO: ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL PARA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACADA DE MADEIRA**

[BOP de A Coruña de 05/10/2020](#)

**COMUNICACIÓN PREVIA:** da tala con quinze días hábiles de antelación. Excluídas as de uso doméstico de menos de 20 m<sup>3</sup>. Debe facerse constar a seguinte información:

- Identificación da empresa encargada da tala
- Especie de madeira obxecto da tala
- Declaración responsable ou autorización da Consellería do Medio Rural
- Identificación da parcela afectada e a súa situación no Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- Identificación do lugar de depósito e vías a utilizar para o transporte da madeira.
- Identificación dos vehículos que interveñen na saca de madeira no caso de que dita operación se realice por empresas distintas á que realiza a tala, no caso contrario será responsable dos danos ocasionados nas vías e camiños municipais a empresa encargada da tala.
- Xustificante de ter presentado a fianza. No caso de que interveñan vehículos de empresas distintas á encargada da tala, estarán obrigados a subrogalos na súa fianza, ou ben a que a propia empresa de transporte deposite a súa propia fianza. No caso contrario a empresa encargada da tala será responsable de calquera dano ocasionado pola empresa de transporte.
- Duración estimada dos traballos e data prevista para o comezo.
- Autorizacións sectoriais (de ser o caso)
- Xustificante do título habilitante da Consellería competente en materia forestal, segundo modelo oficial.
- Autorización sectorial, cando proceda.

**FIANZA:** en metálico ou aval bancario.

- Vehículos con MMA inferior a 16 t: 2.704,55 €
- Vehículos con MMA maior ou igual a 16 t: 4.207,08 €

Rematados os traballos, a interesada comunicará ao Concello esta circunstancia, para que no prazo de 30 días dende a súa solicitude lle sexa devolta a garantía, logo do informe técnico de comprobación do estado do dominio público afectado.

**ZONA DE DEPÓSITO:**

Nas zonas forestais en que o Concello, ou as respectivas Comunidades de Montes, teñan disposto unha parcela ou espazo específico, destinado para o depósito transitorio da madeira xa cortada, as empresas que leven a cabo a tala e/ou o transporte deberán utilizar estes espazos sempre que non sexa posible facelo directamente desde a finca afectada pola tala ata o lugar de destino. De igual modo deberán proceder cando as dimensións, trazado ou condicións de conservación dos camiños de acceso ao monte, aconsellen empregar vehículos de pequena dimensión para o traslado da madeira ata o espazo de depósito transitorio.

**ENTRADA EN VIGOR:** 06/10/2020.

Esta información está dispoñible na web [www.maderasdeg Galicia.com](http://www.maderasdeg Galicia.com)